

Nome _____ Data _____

Un temporal inesperado

Desde pequeno, Xavier observaba como se desprazaban as nubes e xogaba a atoparlles un parecido con distintos obxectos.

Encantábanlle os días de tormenta. Permanecía ás escuras no seu cuarto, oíndo retumbar os tronos e esperando a luz dos lóstregos. Despois, comezaba o repenique das gotas de chuvia nos cristais e chegáballe un agradable recendo a terra mollada.

Por iso, tivo claro que quería estudar o tempo. E descubriu que a profesión era a de meteorólogo.

Agora traballa en MeteoGalicia, onde elabora informes sobre o tempo que irá cada día.

O ano pasado ocorreu algo moi importante na vida de Xavier. Era o mes de setembro e había varios meses que a calor era intensa e as chuvias moi escasas. Xavier revisaba os datos para facer o informe diario. Ao analizalos, advertiu que para os próximos días se avenciñaba un temporal para o que ninguén estaba preparado.

Xavier reaccionou axiña e comunicoulles aquela información aos seus xefes e ás autoridades. Entón tomaron as medidas necesarias para que o temporal non causase unha catástrofe.

Pouco despois comezou a chover intensamente. E continuou a chover durante un mes seguido! Menos mal que Xavier o advertira a tempo.



1 Le o texto e contesta.

- Que é un meteorólogo? _____
- En que cres que se fixa un meteorólogo para predicir o tempo?


- Como era o tempo ata o mes de setembro?

- Por que se evitou unha catástrofe? _____

2 Que é o tempo atmosférico?

3 Que mide un termómetro? E un pluviómetro?

4 Observa o mapa coa previsión do tempo e responde as preguntas.



sol	nubes	chuvia
tormenta	neve	nubes e claros
vento frouxo	vento moderado	vento forte

- En que zonas de España vai facer sol? _____

- Onde se prevé que vai chover? _____

- Que tempo irá nas illas Baleares? _____

- Como serán os ventos na costa cantábrica? _____

- E na costa mediterránea? _____